

Análise Descritiva:

A igrexa está emprazada sobre un altozano de fortes desniveis, polo que cada ampliación do templo, obriga a carrexar pedra para recheo e achandar o terreo.

Emprazase a igrexa enriba dun basamento de pedra, duns 30 centímetros sobre o nivel do chan.

É unha igrexa de unha nave e ábside rectangular; dende finais do século XVI, hoxe conservase a mesma estrutura aínda que varias reformas incitan a confundila cunha igrexa de tres naves.

Da primitiva fábrica quedan anacos de parede no muro sur e algún contraforte.

Fachada principal (poñente):

Trátase dunha parede grosa que ten a función de ser fachada-pilar para soste a torre; no seu centro ábrese un vano de dous metros de profundidade, abovedado en canón, comunica o exterior coa porta de acceso ó templo.

Nos lados do vano abovedado, ábrese dous pares de óculos curvilíneos e pequenos, no centro un claristorio tamén curvilíneo; enriba deste unha carteira grande cunha moldura cóncavo-convexa que a circunda, este espazo era para un escudo que non se rematou, fíxose soamente unha coroa. Enriba do escudo, dáse paso a unha imponente torre.

Porta:

Ten un arco moi rebaixado e unha moldura en pequeno relevo que fai de marco; enriba unha fornela destinada para a imaxe do Salvador decorada con dous pares de volutas en espiral e chapiteis.

Esta fachada fíxose en 1784 por Juan Francisco Nobas, ten certas semellanzas coas de estilo colonial.

Torre:

É dunha volumetría e dimensións excesivas respecto á fachada, ven a ter 5 metros de fronte, o total da fachada son 9 metros; é unha altura de tres pisos.

É cadrada, decorada simetricamente polas catro caras. A decoración está composta de rectángulos cóncavos de diversas lonxitudes e anchos, acabados en gotas e óvalos rematados en punta, todos os relevos de fina labra en arestas vivas.

O segundo andar son catro ocos de arcos de medio punto para colocar as campás; este andar está rodeado dunha balaustrada de corte máis clasicista.

Remátase a torre cunha cupuliña octogonal por aproximación de fileiras de pedra.

A fachada da torre foi feita polo mestre Domingo Nobas en 1786.

A balconada da torre fíxoa o mestre José Cerviño en 1892, por iso é máis clasicista que a torre, que ten un estilo barroco.

Fachada norte:

Presenta varias fiestras estreitadas de derrame externo e unha porta con dúas gradas semicirculares, necesarias para acadar o nivel do basamento.

Reconstrúen esta parede, incluíndo a zona do ábside, polo que hoxe é un tramo continuo que oculta o contraforte que era o comezo do ábside.

A parede fíxose en 1873.

A parede sur presenta dúas capelas; unha feita en 1729, segundo reza unha carteira onde di:

HIZOSE A COSTA
Y DEVOCION DEL RECTOR
D. SANTIAGO RODRIGUEZ SEOANE
ANO DE 1729

A outra capela é a primeira sancristía; na súa porta reza:

“1591”

Ábside:

Polo exterior ten forma poligonal; enlazaron os contrafortes que remataban o ábside rectangular cunha parede orixinando este cambio de forma.

Esta obra fíxose en 1874, e destínase o novo espazo a sancristía.

INTERIOR:

Consta de unha nave, presbiterio e capelas laterais.

A nave, ven precedida dun corredor semicircular que engrosa os enormes piares que soportan o peso da torre. Catro columnas de orde dórico sobre plintos, dispostas en cadrado, dividen a nave en tres tramos.

Cóbrese a nave con bóvedas de crucería con grosos nervios e de reducidas dimensións.

As arcadas lonxitudinais e transversais son de medio punto; cando chegan as paredes, impóstanse nelas, en forma de copa con acanaladuras (pila).

PRESBITERIO:

Sepárase da nave por dúas paredes laterais de muro grosso; cóbrese o seu espazo cunha Bóveda de crucería estrelada que ten nos lunetos estas figuras en relevo:

- Tres serafíns (anxos) coas alas abertas.

- Deus Pai cos brazos abertos e dous anxelotes, ós lados cunha banda onde di: "Hio est filius".

No cruce dos nervios cruceiros, ábrese un ciborio circular que se cerra no exterior en forma de octógono (8) e remata en pináculo.

As paredes laterais teñen ventás estreitas con arco de tipo oxival; no testeiro do presbiterio ten un claristorio redondo, dividido en tres lóbulos.

Na parede sur está o escudo de armas da familia dos Mondragóns, patróns desta igrexa.

A parede norte ten:

- Unha escaleira interior de caracol que serve a tribuna e torre.
- Porta travesa.
- Unha capela de arco semicircular, metida no muro.

A parede sur ten:

- Un habitáculo para a pila bautismal.
- Dúas capelas laterais de bastante profundidade que se comunican por unha porta interior; cóbrense ambas con bóveda de crucería que impostan os seus nervios nas paredes, rematando en cabeciñas ou forma de copa.

COMENTARIO

A estrutura arquitectónica básica de S. Salvador de Coiro era dunha nave e un ábside rectangular con cuberta de madeira a dúas augas; como elementos secundarios tiña unha tribuna e unha sancristía na parede sur.

Despois de 1576 o seu patrón o cardeal Juan de Mondragón, dálle preeminencia ó presbiterio facendo nel unha bóveda de crucería e poñendo nas claves serafíns (anxos) e o escudo da familia de Mondragón.

Neste momento o edificio presenta un eixe lonxitudinal dominante; a luz entraba por fiestras colocadas nas paredes laterais, o que daba igual intensidade e facía espazos e masa facilmente recoñecibles, daba en suma un ambiente escénico de tipo renacentista.

Cumpría a intencionalidade dos patróns como era a de perpetuación da gloria familiar; é unha maneira de sobrevivir a agonía cósmica que supón o desaparecer, disolverse na nada, por iso cómprase o dereito de sepultarse a carón do altar; é manifestar calidade de persoa e gañar o deleite anticipado da divindade.

Por mor das reformas feitas no século XVIII (fachada, torre e capelas laterais) e XIX (columnas interiores e bóvedas), trócase o concepto do templo.

Hoxe danse zonas claras (tribuna e presbiterio, que reciben a luz natural e directa) e zonas escuras (debaixo da tribuna e capelas laterais).

Hai paredes articuladas; varios vanos rompen os muros dándose (altares, confesionarios e capelas de moita profundidade no muro sur), en consecuencia prodúcense espazos escondidos con vericuetos e circulación distinta a nave, xa que comunícanse por portas interiores, xéranse moitas imaxes e perspectivas diagonais que dan desasosego e

inquiétude. Estas capelas logran ser centros independentes sen subordinación o eixe lonxitudinal que só se percibe colocado no centro da nave.

O templo ten un espazo dinámico con movemento envolvente, provocado pola redondez da tribuna e o espazo circular que xeran as catro columnas dispostas en cadrado. Ademais hai unha corrente con movemento descendente que vai dende o centro circular das bóvedas ata as columnas e piares murados que recollen este movemento.

O espazo está moi compartimentado, por iso o exterior non da unha idea clara de como é o seu interior, así a tribuna logra ocultar a enorme torre; o perfil poligonal exterior, no interior é rectangular ...

Curiosamente este templo presenta hoxe características parecidas as igrexas que sobre catro columnas facíanse no século X na área de influencia de Constantinopla.

O templo, amosa unha contraposición entre un presbiterio separado da nave por dous muros laterais, concibido coma un espazo único e claro, destinado a albergar o altar entendido como punto central, harmonioso e perfecto, porque é a zona reservada para a Divindade; e unha nave compartimentada con espazos claroscuras que acolle ós representantes do mundo terreal sempre imperfectos e con desasosegos internos.

Gózase con luz natural, dunha atmosfera penumbrosa que invita á reflexión interior e ó recollemento.

Con luz artificial, dáse unha atmosfera misteriosa dotada dun sabor de participar no ancestral ou en épocas arcanas.

ERMIDA DE SAN COSME

Está situada no Alto da Portela, lindando xa con terras do concello de Bueu, á beira do camiño antigo que ía dese concello a Cangas. Está no medio dunha carballeira e conta cun adro duns 1.000 metros cadrados. Data do ano 1708.

Consta dunha nave e presbiterio rectangular. Na fachada frontal, ábrese unha porta de arco semicircular que ten enriba un escudo de armas, rematando nunha espadana pequena de un oco para a campá. Fachadas laterais lisas con abertura dunha ventá e unha porta travesa rectangular no lado Norte.

No interior, nave e presbiterio están separados por un arco triunfal de medio punto que descansa sobre dous piares.

Consta nos libros da igrexa que nun principio estaba dedicada a outros santos. A primeira festa en honra de San Cosme, celebrouse no ano 1870. Ao non haber imaxe deste santo, un veciño colleu unha imaxe dun santo que había na ermida, pintouna e púxolle un letreiro que dicía: "San Cosme". Celébrase a romaría o 26 de setembro.

ERMIDA DE SANTO DOMINGO

Situada no que era o camiño vello de Cangas a Moaña, preto do linde con este concello. Dúas fachadas dan ó adro e outra dúas, a unha propiedade particular.

Celébrase a festa o 7 de agosto.

ERMIDA DO ESPÍRITO SANTO

Pequena capela situada nunha praciña rodeada de casas, á beira da estrada que vai de Rodeira a Coiro. Data do ano 1606.

Celébrase a festa o luns de Pentecostes.

Notas sobre a súa historia:

"As dunas de Rodeira, xa dormen inquietas.

Un mareante entala unha pedía, preto do areal"

O 31 de xaneiro de 1606, o Arcebispo e señor da cidade de Santiago Maximiliano de Austria, da licencia para facer unha ermida dentro dos límites da freguesía de S. Salvador de Coiro, por medio do Arcipreste do Morrazo Pedro Romero, que era reitor na freguesía de S. Xiao de Marín, dando curso e aprobación a unha petición presentada por:

" ... Juan de Souto, mercader y María de Beíga su mujer, vecíños de la felegresía de san Salvador de Coiro entranbos y dos de una conformidad dixeron que por quanto ellos tenían contratado y ordenado y hera su boluntad de hazer y fundar una hermita junto dela su granxa que tienen en el Tilleiro y parte y lugar que se díze de cassal Douro dentro de los limites de la dha feligresía a servicio de Dios nuestro señor y an de poner y asentar y por la presente ponen y asientan que a de aber por nonbre y abocasión el Hespíritu Santo y esta Hermita quieren y es su boluntad que permanezca..."

Estes fundadores doan esta ermida, que era a primeira, á freguesía de San Salvador de Coiro, quedando por tanto baixo o mandato dos sucesivos reitores do beneficio curado de Coiro. Neste intre o seu reitor e padrón era Matheo de Mondragón.

Para os reparos e necesidades da ermida, queda dotada con 12 ferrados de pan mediado (millo miúdo e centeo) ó ano, que se obtiñan do pago dun foro por unhas terras que estaban na freguesía de S. Martiño de Moaña.

Faise a ermida nun terreo bo, grande e capaz, estando ben comunicada xa que preto dela pasaban camiños públicos e o real que viña dende Pontevedra, sendo así de fácil acceso e de moito servizo para os veciños e moradores do lugar. Na súa construción, séguese o modelo tradicional, é dicir unha nave e un pequeno ábside de forma rectangular, cóbrese o conxunto cun armazón de madeira e córrase a dúas augas. Enriba e rematando a fachada principal, colócase unha pequena espadana semicircular dun só oco para albergar a campá.

Un ermitán, elixido cada tres anos, administraba a renda e esmolos -millo, centeo, viño... ou diñeiro- dos fregueses; tamén facía de depositario das alfaias e ornamentos do culto, que eran gardadas na súa casa para maior seguridade e por non haber arca na ermida.

Ó longo da súa dilatada vida, fanse reformas e arranxos que non alteran a traza primitiva; así no 1724 Ambrosio Gandón, veciño de Cangas, pinta o retablo da capela maior. A mediados do século XVIII a ermida atópase nun estado lamentable, tiña a fachada principal arruinada e o campanario esborado e caído; fan os arranxos os mestres de cantería Pedro Fernández e Benito de Menduiña, veciño de Hío, reparan tamén o faiado os carpinteiros de Darbo, Alonso Troncoso e Blas Vidal.

No 1818, queren mercar unha nova imaxe do Espírito Santo, debido a que estaba corroída; non ha certeza de que se fixera a compra. Despois de 1850 fan un remocicado das paredes a cargo dos mestres de albanería Francisco Fernández Asturiano e Benito de Ogando, de Darbo.

En 1976 cérrase un beiril con rellas na parede sur, que hoxe destínase a sancristía: O actual reitor D. Benito de la Iglesia fixo as obras de consolidación das paredes en datas recentes.

A ermida segue a ser lugar habitual de culto dende cerca de 400 anos, neste tempo só se transformou o entorno; antano ó seu pe comezaban as dunas do areal de Rodeira e mirábanse as charcas pantanosas de Cantalarrana, hogano está abrigada a todos os ventos por construcións.

D. CARLOS VAZQUEZ MARINELLI

Catedrático de Historia.

NOTAS SOBRE LA ERMITA DEL ESPÍRITU SANTO

(Revista: "Fiestas del Divino Espíritu Santo 1992")

La ermita del Espíritu Santo fue fundada a principios del siglo XVII por Juan de Soto y su mujer, María de Veiga, con advocación a dicho nombre.

Este hombre, de oficio mercader, era vecino de la feligresía de San Salvador de Coiro. A su muerte, deja como "patrono" de la ermita al hijo menor de Alonso Vidal de Fuentesfría y a su esposa Jerónima Estévez. Vidal de Fuentesfría, juntamente con otros vecinos de la villa de Cangas, tenían la sacada alta, nombrada el 'Espíritu Santo' y era, a su vez, propietario de un barco "pirlo". Al formarse la compañía de sacada, no sólo aportaba su quiñón de red, como cualquier compañero, sino que puso a disposición de la misma su "barco Pirlo", con sus pertrechos para la navegación.

El pertenecer a una "sacada", conllevaba la obligatoriedad de cumplir lo pactado en el contrato, puesto que el no cumplimiento de alguna de las cláusulas les obligaba, a veces, a tener que pagar 100 reales de 'peñora', siempre y cuando fuese por la vía amigable; si fuese, en cambio, por el conducto de apremio, pagaría las costas de la justicia, más otros 100 reales para el "monte" de la compañía.

Con los "frutos" que la sacada daba, se veía beneficiada la ermita así como alguna otra obra pía, como misas semanarias u ornamentación de las capillas.

Ya fuera por la dejadez de los patronos o por la negligencia en decir las misas, se ve que este deterioro en cumplimiento de estas obligaciones, suprime el vínculo, que volverá a renacer años más tarde por la insistencia de los visitantes que les imponen severas multas y les amenazan con la excomunión, volviendo las cosas a su cauce normal.

En 1727 el visitador arzobispal hace una visita a la capilla de la ermita del Espíritu Santo e informa que se encuentra bien reparada y decente.

También informa que D^a Jerónima Estévez fundó cinco misas, cuatro de ellas rezadas y una cantada. En cuanto a las cantadas, afirma que están celebrando; sin embargo, se queja de las rezadas, pues llevan ya cinco años sin celebrarse.

Respondiendo el titular de las mismas dice que no lo hacen porque no les dan los "frutos" de la granja del Telleiro, que les pertenece, ya que la granja está vinculada a esta función.

Manda el visitador que, desde hoy, se ponga y se mande su secuestro sobre dicha granja, hasta que presenten recibos de haber pago los "frutos", dándole jurisdicción en forma para ello.

La devoción del fundador en las misas era la siguiente:

Una misa cantada el lunes del Espíritu Santo, en su capilla y de limosna seis reales. Una misa rezada, en el día de San Jerónimo. Otra, en San Ildefonso. Otra en el día de San Juan Bautista y otra en el día de San Antonio de Padua.

Deja como albacea a Don Francisco Estévez Camarada, de la Colegial Iglesia de la Villa de Cangas.